



## EXAME ADMINISTRATIVOS ACUMULACIÓN DE TAREFAS

NOME E APELIDOS

DNI

SINATURA

1.- O dereito á liberdade de expresión:

- a) É un dereito fundamental previsto na Constitución Española
- b) En España non se conta con dereito á liberdade de expresión.
- c) Este dereito soamente pode exercitarse previa solicitude presentada por escrito.

2.- Entre a convocatoria e a celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello de Viveiro

- a) Non poderán transcorrer menos de 24 horas
- b) Deberán transcorrer un mínimo de 2 días hábiles
- c) Non se require do transcurso mínimo dun tempo determinado, sendo suficiente que os seus membros teñan coñecemento da convocatoria.

3.- O Pleno da Corporación celebra sesións:

- a) Cando se convoquen cumprindo co disposto na normativa vixente
- b) Non pode celebrar sesións
- c) Soamente pode celebrar sesións se o solicita o 80% da poboación

4.- O Concello, no exercizo das súas competencias pode:

- a) O Concello non ten competencias
- b) Non conta con competencia para a aprobación de Ordenanzas e Regulamentos
- c) Aprobar Ordenanzas e Regulamentos

5.- As notificacións

- a) Practícanse preferiblemente por medios electrónicos e en todo caso cando o interesado resulte obrigado a recibilas por esta vía.
- b) Practícanse en todo caso polo medio solicitado polo interesado.
- c) Practícanse preferiblemente en papel, a excepción de que o interesado resulte obrigado a recibilas por medios electrónicos.

6.- O prazo para a interposición de recurso de reposición contra un acto administrativo é de:

- a) Un mes
- b) Dous meses
- c) 15 días hábiles

7.- A Administración non terá responsabilidade patrimonial

- a) Nos supostos de forza maior
- b) Nos supostos nos que os danos deriven do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- c) Ten responsabilidade patrimonial en todos os casos.

8.- O valor estimado dos contratos

- a) Non inclúe o IVE
- b) Inclúe o IVE
- c) Inclúe o IVE no suposto de que se prevean prórrogas.

9.- Considéranse contratos menores os contratos de subministro ou servizos que:

- a) Contén cun valor estimado inferior a 15.000 euros.
- b) Contén cun valor estimado inferior a 18.000 euros.
- c) Contén cun valor estimado inferior a 40.000 euros.



10.- Considéranse contratos menores os contratos de obras que:

- a) Contén cun valor estimado inferior a 40.000 euros.
- b) Contén cun valor estimado inferior a 50.000 euros.
- c) Contén cun valor estimado inferior a 15.000 euros.

11.- A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público

- a) Acreditará as condicións de aptitude do empresario segundo o reflexado nel.
- b) Acreditará as condicións de aptitude do empresario pero en ningún caso acreditará a solvencia técnica e económica.
- c) Non serve para acreditar as condicións de aptitude do empresario.

12.- Como regra xeral

- a) Non procederá a división en lotes, podendo preverse únicamente a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes cando resulte imprescindible tecnicamente.
- b) Sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes, debendo xustificarse no expediente, no seu caso, os motivos existentes para a non división en lotes.
- c) Nunca pode dividirse en lotes un contrato.

13.- A aprobación do inicio do expediente de contratación

- a) Debe realizarse polo órgano competente aprobando tamén o gasto
- b) Realizarse sempre e en todo caso pola Alcaldía e en ningún caso conlevará a aprobación simultánea do gasto.
- c) O expediente de contratación non require aprobación, únicamente se aprobará polo órgano competente a adxudicación do contrato.

14.- Nos expedientes de contratación

- a) Deberá constar, entre outros documentos, o prego de prescricións técnicas particulares que rixa as características do obxecto da prestación contractual.
- b) Constará únicamente o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá o contrato.
- c) Constará únicamente o prego de prescricións técnicas particulares que rixa as características do obxecto da prestación contractual.

15.- O procedemento aberto simplificado

- a) Require, en todo caso, que os licitadores estean inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou no correspondente rexistro autonómico, sempre que non se vexa limitada a concorrência.
- b) Non require, en ningún caso, que os licitadores estean inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou no correspondente rexistro autonómico
- c) Require, en todo caso que os licitadores estean inscritos no correspondente rexistro autonómico, sempre que non se vexa limitada a concorrência.

16.- No suposto de presentarse unha oferta anormalmente baixa

- a) Procede acordar directamente a exclusión do licitador
- b) Procede realizar os trámites previstos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público, requirindo ao licitador para a xustificación da súa oferta.
- c) Na vixente Lei de Contratos do Sector Público non se prevé a posibilidade de que unha oferta resulte anormalmente baixa, non considerándose anormalmente baixa ningunha oferta, independentemente do seu importe.

17.- A valoración das ofertas presentadas nun procedemento de licitación:

- a) Realizarse atendendo aos criterios de adxudicación establecidos.
- b) Realizarse tendo en conta en todo caso, únicamente o prezo ofertado, debendo adxudicar sempre o contrato á oferta máis económica.
- c) Realizarse por parte da Intervención Municipal.



18.- Nos contratos de obras, á recepción das obras deberá acudir:

- a) Entre outros, o facultativo encargado da dirección das obras.
- b) Únicamente a Alcaldía e o contratista.
- c) Únicamente a Intervención Municipal aos efectos da comprobación material da inversión.

19.- As autorizacións para o uso especial dos bens de dominio público

- a) Non poderán exceder de 4 anos
- b) Non poderán exceder de 75 anos, por resultar equiparables ás concesións administrativas.
- c) Poden outorgarse por tempo indefinido previa presentación do aval ou garantía que se determine.

20.- As entidades locais poden outorgar subvencións nominativas.

- a) Sí, cumprindo cos requisitos establecidos na normativa en materia de subvencións.
- b) Non, en ningún caso.
- c) Sí, unicamente a petición por escrito dun tercio da poboación censada.

21.- Os empregados públicos poden ser:

- a) Persoal funcionario, persoal laboral ou persoal eventual
- b) Unicamente persoal funcionario
- c) Unicamente persoal laboral

22.- A aprobación dun expediente de contratación dunha obra, por importe de 100.000 euros

- a) Require da previa fiscalización pola Intervención Municipal
- b) Non require da previa fiscalización pola Intervención Municipal.
- c) Soamente require da previa fiscalización pola Intervención Municipal se se trata de obras en vias municipais.

23.- A falta ou insuficiencia de acreditación da representación para a presentación dunha solicitude.

- a) É insubsanable
- b) Pode subsanarse en dez días
- c) Provoca o rechazo automático da solicitude na sede electrónica.

24.- No procedemento administrativo, os trámites que deban ser cumprimentados polos interesados deberán realizarse no prazo de

- a) Dez días a partir do seguinte á notificación do acto, salvo no caso de que na norma correspondente se fixe prazo distinto.
- b) Vinte días a partir do seguinte á notificación do acto, salvo no caso de que na norma correspondente se fixe prazo distinto.
- c) Un mes a partir do seguinte á notificación do acto, salvo no caso de que na norma correspondente se fixe prazo distinto.

25.- A adquisición de maquinaria para a Brigada de Obras

- a) É un contrato de obras
- b) É un contrato de servizos
- c) É un contrato de subministro

26.- Cal dos seguintes dereitos constitucionais non ten a consideración de fundamental?

- a) Dereito á intimidade persoal e familiar.
- b) Dereito de reunión.
- c) Dereito á propiedade privada

27.- Cal dos seguintes non é un servizo de competencia dos Concellos:

- a) Alumeado público
- b) Limpeza viaria
- c) Educación



28.- O concello ostenta prerrogativas sobre os seus bens. Cal das seguintes non é unha prerrogativa?

- a) Potestade de investigación
- b) Potestade de deslinde
- c) Potestade de declaración da titularidade dos bens

29.- Cal dos seguintes actos non resultan susceptibles de recurso administrativo:

- a) As resolucións que poñen fin á vía administrativa
- b) Os actos de trámite
- c) Os actos de trámite cualificado

30.- As administracións públicas, nas súas actuacións

- a) Deberán actuar, entre outros, conforme aos principios de boa fé, confianza lexítima e lealdade institucional.
- b) Non teñen a obriga de cumprir con ningún principio xeral de actuación
- c) Deberán actuar, entre outros, conforme aos principios de boa fé, confianza lexítima, lealdade institucional, aplicándose os principios de boa fé e confianza lexítima unicamente ás administracións locais.

#### PREGUNTAS RESERVA

1.- Os Bandos dítanse por:

- a) A Comisión Especial de Contas
- b) A Comisión Informativa de Economía
- c) O Alcalde/esa

2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia establece que:

- a) Galicia ten un himno e escudo propios
- b) Galicia non ten himno e si escudo propio
- c) Galicia ten escudo pero non himno propio.

3.- O Pleno

- a) É un órgano obrigatorio no Concello de Viveiro
- b) Non é un órgano obrigatorio no Concello de Viveiro
- c) Únicamente existirá se o deciden en referéndum os 3/5 da poboación do Concello de Viveiro

4.- Os contratos menores

- a) Non requiren a existencia de prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas.
- b) Requiren a existencia de prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas.
- c) Requiren a existencia de prego de cláusulas administrativas particulares pero non de prego de prescricións técnicas.

5.- Para o cómputo do importe da garantía definitiva

- a) Exclúese o IVE do prezo final ofertado polo licitador
- b) Inclúese o IVE do prezo final ofertado polo licitador
- c) A Lei de Contratos do Sector Público non prevé en ningún caso a necesidade de constitución de garantía definitiva, sendo necesaria unicamente a garantía provisional